



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO  
CONSELLO SOCIAL DO 22.02.2022**

**LUGAR:** Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

**DATA:** 22.02.2022

**HORA DE COMEZO:** 11:30 h.

**HORA DE REMATE:** 12:15 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

Ernesto Pedrosa Silva

Miguel Ángel Michinel Álvarez

Mercedes Castro Mouzo

José María Franco García

Yolanda López Fernández

**DESCULPAN ASISTENCIA**

César Blanco Gómez

**NON ASISTEN**

María Teresa Cendón Alonso

Ana María Ortiz Álvarez

**SECRETARIO**

Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 22 de febreiro de 2022, ás 11:30 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (04.10.2021).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao proxecto Clean Energy Ship, promovido polo alumnado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións para a fabricación dunha embarcación solar.
4. Acordo que proceda sobre a proposta de elaboración dun Barómetro para coñecer a empregabilidade sostible dos estudantes de mestrados da Universidade de Vigo.
5. Acordo que proceda sobre a solicitude do Observatorio de persoas tituladas, para a edición dixital do terceiro e último informe sobre o impacto laboral da COVID nas persoas tituladas pola UVigo, durante 2021, realizado co apoio do Consello Social.
6. Proposta de renovación dos traballos de mantemento e actualización de contidos textuais e gráficos da web corporativa do Consello Social, durante 2022.
7. Acordo que proceda sobre a petición de colaboración solicitada polo Instituto de Estudos Vigueses para actividades a desenvolver en 2022.
8. Acordo que proceda, e revisión das circunstancias que concorren, sobre a colaboración especial solicitada pola Asociación de estudantes das escolas de enxeñaría de Vigo e Ourense, para organizar o Foro Tecnolóxico de Emprego.
9. Acordo que proceda sobre a solicitude da Delegación de alumnos de Química para organizar un ciclo de conferencias co obxectivo de visibilizar o protagonismo das mulleres no ámbito científico e abrir perspectivas laborais.
10. Acordo que proceda sobre petición da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para elaborar, con carácter urxente, un estudo sobre a inserción laboral dos titulados pola UVigo en Grao e Máster, para participar no QS University Ranking.
11. Acordo que proceda sobre a petición de apoio ás actividades e iniciativas a desenvolver pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.
12. Modificación parcial das Normas básicas para a concesión de axudas do Consello Social.
13. Rogos e preguntas.

---

*O presidente agradece a asistencia dos presentes e o compromiso que amosan co Consello Social e coas súas convocatorias.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (04.10.2021).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Dá conta o presidente da relación detallada das axudas concedidas polo Consello Social ao longo de 2021, así como dunha comparativa dos últimos anos tanto de axudas como de acordos adoptados pola comisión. Así mesmo notifica os resultados da resolución da convocatoria "Ourense rural", pola que se conceden 27 bolsas a estudantes do Campus de Ourense por transporte dende o



rural. Neste mesmo punto comunica a memoria final das actividades desenvolvidas en 2021 no Campus de Pontevedra a través da colaboración e patrocinio do Consello Social, cunha inversión final de 14.075 euros, do total de 17.350 € concedidos inicialmente.

### **PUNTO 3**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao proxecto Clean Energy Ship, promovido polo alumnado da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións para a fabricación dunha embarcación solar.*

Resume o presidente que un equipo de estudantes das escolas de Telecomunicación, Enerxía e Industriais traballan nun proxecto para fabricar un barco propulsado por luz solar, que participará en competicións universitarias internacionais, e será o primeiro equipo español en acudir á Energy Boat Challenge, prevista o próximo verán en Mónaco, na que participarán distintas universidades europeas. Ernesto Pedrosa aclara que a frecuencia coa que se están a producir peticións de axuda por parte do estudiantado, aconsella –con carácter xeral e a fin de evitar agravios- homologar unha aportación dun máximo de 2.000 € para estes casos, podendo acordar un importe superior en casos excepcionais nos que concorran circunstancias que o xustifiquen, como puidera ser a relevancia ou especial interese do proxecto.

- ***Apróbase unha axuda de 2.000 €.***

### **PUNTO 4**

*Acordo que proceda sobre a proposta de elaboración dun Barómetro para coñecer a empregabilidade sostible dos estudantes de mestrados da Universidade de Vigo.*

Consonte ao que se recolle na proposta, explica o presidente que a empregabilidade tradicional está a ser superada por novas dimensións que incorporan a saúde, a satisfacción co traballo ou a motivación, entre outras, dando forma á chamada empregabilidade sostible. O obxectivo deste estudo, que dirixen as profesoras Gloria Caballero e M<sup>a</sup> Jesús López, é coñecer a perspectiva dos estudantes dos mestrados profesionalizantes que se imparten nos campus da UVigo en materia de empregabilidade sostible, no curso 2021/2022. O presidente sinala finalmente que con este traballo porase fin á secuencia desta liña de traballos efectuados nos últimos exercicios polo Barómetro.

- ***Apróbase unha axuda de 8.200 € para a elaboración e 2.800 € para a recollida de datos. Valorarase no seu momento a posible edición, por un importe máximo de 1.000 €.***

### **PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a solicitude do Observatorio de persoas tituladas, para a edición dixital do terceiro e último informe sobre o impacto laboral da COVID nas persoas tituladas pola UVigo, durante 2021, realizado co apoio do Consello Social.*

Proponse o patrocinio da maquetación e edición, en galego e castelán, así como da publicación de 350 exemplares en versión facsímile cos resultados da enquisa sobre o impacto laboral, sanitario e no modo de traballo nas persoas tituladas que desenvolven as súas profesións en Galicia, noutras autonomías ou no estranxeiro. Tamén aborda o impacto da fatiga pandémica nos antigos estudantes da UVigo. Como titulares destacados apúntase que a pandemia aumentou un 44% a carga de traballo dos titulados, e que o tele-traballo deixa de ser maioritario. O presidente apunta que con esta publicación péchase o ciclo de estudos publicados sobre o impacto da pandemia.

- ***Apróbase unha aportación de 3.621 euros.***

### **PUNTO 6**

*Proposta de renovación dos traballos de mantemento e actualización de contidos textuais e gráficos da web corporativa do Consello Social, durante 2022.*

Proponse renovar a contratación externa da actualización de contidos na web, o mantemento e a comunicación das iniciativas e presencias que desenvolve o Consello Social, de xeito que se poida



garantir que estea permanentemente actualizada e dea resposta axeitada ás necesidades actuais, á visibilidade e ás actividades. A maiores, implementarase na web unha zona privada, accesible con identificador e clave, onde se localizará a documentación previa a cada reunión e crearase un repositorio de toda a documentación actual e histórica dende o ano 2018. Ernesto Pedrosa valora moi positivamente o traballo que se está a facer na web, se ben, ante calquera eventualidade, prevese unha revisión semestral dos resultados do traballo e a súa valoración.

- ***Asígnanse 550 € + IVE mensuais durante 2022, e un pago trimestral de 100 € + IVE.***

### **PUNTO 7**

*Acordo que proceda sobre a petición de colaboración solicitada polo Instituto de Estudos Vigueses para actividades a desenvolver en 2022.*

O Consello Social cooperará con apoio económico co programa anual de conferencias "Forum IEV-22", enfocado a abordar distintas áreas de coñecemento agrupadas baixo o título xeral "Do Vigo que foi, ó Vigo que ven". Trátase dunha iniciativa aberta á cidadanía e especialmente acaída para a comunidade universitaria, por incidir nos retos e na proxección da propia UVigo así como na identidade, fortalezas e oportunidades que se están a presentar para o territorio e o entorno.

Intervén José María Franco para amosar que non ten nada que obxectar á iniciativa, pero que a petición parécelle pouco aclaratoria e que debería estar máis informada, por exemplo no que se refire ao contido dos impresos de divulgación (que se descoñecen) ou á actividade a desenvolver no catamarán (horario, obxectivo ou ocupantes...). O presidente propón que se aprobe a axuda e afirma que se pedirá nova documentación da que se dará conta nunha próxima reunión.

- ***Apróbase unha aportación de 2.400 €.***

### **PUNTO 8**

*Acordo que proceda, e revisión das circunstancias que concorren, sobre a colaboración especial solicitada pola Asociación de estudantes das escolas de enxeñaría de Vigo e Ourense, para organizar o Foro Tecnolóxico de Emprego.*

O Foro tecnolóxico de emprego permitirá durante tres días o contacto entre o estudantado de Enxeñaría Industria, de Telecomunicación e de Minas e os directivos de empresas representativas dos ámbitos tecnolóxicos, a través de stands, Workshops, conferencias, entrevistas rápidas ou presentación de perfiles. Espérase a participación de máis de 1.500 alumnos e por enriba de trinta empresas punteiras. O presidente lembra que en 2021 non se lles concedeu axuda por exceder as seis edicións consecutivas permitidas nas normas do Consello Social. Tendo en conta o dito no punto tres,

- ***Concédesse unha axuda de 2.000 €.***

### **PUNTO 9**

*Acordo que proceda sobre a solicitude da Delegación de alumnos de Química para organizar un ciclo de conferencias co obxectivo de visibilizar o protagonismo das mulleres no ámbito científico e abrir perspectivas laborais.*

A Delegación de alumnos e o Decanato de Química convocarán a recoñecidas e prestixiosas profesionais para dar a coñecer o papel que xogan as mulleres no campo científico, reivindicado e estimulando a un tempo a súa presenza. Coas súas experiencias amosaranse posibles saídas profesionais e as posibilidades de emprendemento. As conferencias estarán abertas á comunidade universitaria e á sociedade no seu conxunto. Tendo en conta o mesmo criterio do punto anterior,

- ***Apróbase unha aportación de 2.000 €.***



### **PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre petición da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para elaborar, con carácter urgente, un estudo sobre a inserción laboral dos titulados pola UVigo en Grao e Máster, para participar no QS University Ranking.*

A petición da Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria promóvese este estudo, para dar resposta aos requirimentos sobre inserción laboral demandados polo QS Graduate Employability Ranking 2023, unha das clasificacións universitarias internacionais de maior prestixio. Dispor desta información permitirá unha mellora do posicionamento da UVigo. O traballo comprende aos egresados en estudos de Grao e Mestrado da promoción 2018/2019, e será realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas. Tamén será aproveitado para manter actualizada a información no Portal de Transparencia. Ernesto Pedrosa manifesta que se trata dun traballo importante e urgente, e José María Franco cualifícao de excelente "porque dará prestixio á UVigo".

- ***Apróbase unha aportación de 8.000 €.***

### **PUNTO 11**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio ás actividades e iniciativas a desenvolver pola Vicerreitoría do Campus de Pontevedra.*

A colaboración transversal en distintas actividades de tipo cultural, ambiental ou artístico unirán á Vicerreitoría e ao Consello Social nunha programación que ten como obxectivo dar novo pulo ao Campus Crea, abrindo así unha nova etapa de aproximación activa do Consello Social aos campus da UVigo. Unha das iniciativas máis destacadas será a Semana da Creatividade e a Innovación, conectadas coas esixencias sociais. Aspectos tamén relevantes desenvólvense na investigación, no achegamento ás empresas e ás experiencias de innovación nos oficios tradicionais, entre outras accións.

- ***Apróbase unha axuda máxima de 14.350 € para actividades a xustificar.***

### **PUNTO 12**

*Modificación parcial das Normas básicas para a concesión de axudas do Consello Social.*

Subliña o presidente que coa modificación que se propón trátase de garantir e mellorar a presenza da imaxe do Consello Social nas actividades e iniciativas nas que colabora, actualizando as condicións e requisitos esixidos e que datan xa de 2016.

- ***A Comisión dá a súa conformidade.***

### **PUNTO 13**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:15 horas do 22 de febreiro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias